

## HISTORIA DA FILOSOFÍA

O exame consta de 4 preguntas compostas por comentario de texto filosófico e desenvolvemento dun tema. Deberá contestar **UNHA DAS CATRO PREGUNTAS**. Se responde máis preguntas das permitidas, **só será corrixida a primeira respondida**.

### PREGUNTA 1. Responda os dous apartados:

**1.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “O liberalismo político de Locke”.  
(6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión)

§ 90. E polo tanto, é evidente que a monarquía absoluta, a cal é considerada por algúns como a única forma de goberno válida no mundo, é de feito incompatible coa sociedade civil e, polo tanto, non pode ser unha forma de goberno civil en absoluto. Dado que o fin da sociedade civil é evitar e remediar aqueles inconvenientes do estado de natureza que se deriven necesariamente do feito de que cada home sexa xuíz do seu propio caso, establecendo unha autoridade coñecida á cal calquera membro desa sociedade poida apelar en caso de ser inxuriado, ou en caso dunha controversia que poida xurdir, e á cal todos os membros da dita sociedade deban obedecer. Onde queira que haxa un grupo de persoas que non teñan tal autoridade á que apelar, e que poida decidir calquera diferenza que entre eles poida alí xurdir, esas persoas estarán aínda no estado de natureza.

(LOCKE: *Ensaio sobre o goberno civil*, Cap. 7, § 90).

**1.2.** Explique un dos tres temas: (4 puntos)

- 1.2.1. A orixe do cosmos na corrente presocrática.
- 1.2.2. Realidade e coñecemento en Platón.
- 1.2.3. Alienación e ideoloxía en Marx.

### PREGUNTA 2. Responda aos dous apartados:

**2.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade”.  
(6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión).

A idea de substancia, se é que existe, debe logo derivarse das impresións de reflexión. Pero as impresións de reflexión divídense nas nosas paixóns e emocións, ningunha das cales é posible que represente unha substancia. Polo tanto, non temos ningunha idea de substancia distinta dunha colección de cualidades particulares, nin nos referimos a outra cousa cando falamos ou razoamos sobre ela.

A idea de substancia, así como a de modo, non é senón unha colección de ideas simples reunidas pola imaxinación e que teñen un nome particular asignado, polo cal somos capaces de recuperar, para nós mesmos ou para outros, ese conxunto. Pero a diferenza entre estas ideas consiste nisto: que as cualidades particulares que forman a substancia se refiren normalmente a un *algo* descoñecido, ó cal son supostamente inherentes; ou aceptando que esta ficción non se produza, polo menos suponse que están conectadas de xeito próximo e indisoluble polas relacións de contigüidade e causalidade.

(HUME: *Tratado da natureza humana*; Libro I, Parte I, Sec VI).

**2.2.** Explique un dos tres temas: (4 puntos)

- 2.2.1. Física e metafísica en Aristóteles.
- 2.2.2. O problema Razón/Fe na Filosofía Medieval.
- 2.2.3. Ortega y Gasset: a razón vital.

**PREGUNTA 3. Responda os dous apartados:**

**3.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “Os límites do coñecemento en Kant”.  
**(6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión)**

Se chamamos *sensibilidade á receptividade* do noso ánimo (*psique*), para captar representacións en canto sexa dalgún xeito afectado, en contrapartida, a facultade de producir por nós mesmos representacións, a *espontaneidade* do coñecemento, será *entendemento*. Á nosa natureza pertence que a *intuición* nunca poida ser máis ca *sensible*, é dicir, contén unicamente o modo como somos afectados polos obxectos. Pola contra, a facultade de *pensar* o obxecto da intuición sensible é o *entendemento*. Ningunha destas propiedades prevalece sobre a outra. Sen *sensibilidade* ningún obxecto nos sería dado, e sen *entendemento* ningún podería ser pensado. Pensamentos sen contido son baleiros, intuicións sen conceptos son cegas. Por iso tan necesario é facer os seus conceptos sensibles (é dicir, agregarlle o seu obxecto na intuición) como facer comprensibles as súas intuicións (é dicir, sometelas a conceptos). Ambas as dúas facultades ou capacidades non poden tampouco permutar as súas funcións. O entendemento non pode intuír nada e os sentidos non poden pensar nada. Unicamente na súa reunión pode orixinarse o coñecemento. Non por iso, non obstante, podemos mesturar a súa participación, senón que hai serios motivos para separaralos cuidadosamente e distinguilos entre si. Por iso distinguimos a ciencia das regras da *sensibilidade* en xeral, é dicir, a *estética*, da ciencia das regras do entendemento en xeral, é dicir, a *lóxica*.

(KANT: *Crítica da Razón Pura* A51/B75 – A52/B76).

**3.2.** Explique un dos tres temas: **(4 puntos)**

**3.2.1.** A orixe do cosmos na corrente presocrática.

**3.2.2.** Platón: antropoloxía e política.

**3.2.3.** Alienación e ideoloxía en Marx.

**PREGUNTA 4. Responda aos dous apartados.**

**4.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “O problema Razón/Fe na Filosofía Medieval”.  
**(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)**

Así mesmo, o que é infundido polo docente na alma do discípulo contén o saber do mestre, a non ser que ensine de xeito ficticio, o que non é lícito dicir de Deus. E o coñecemento dos principios que nos son coñecidos por natureza foi inspirado en nós por Deus, xa que el mesmo é o autor da nosa natureza. E tamén a divina sabedoría contén estes principios. E así, todo o que é contrario a estes principios, vai en contra da divina sabedoría. Pois ben, isto non é posible de Deus. Logo, o que se obtén da revelación divina mediante a fe non pode ser contrario ao coñecemento natural.

(TOMÉ DE AQUINO: *Suma contra os xentís*, Libro 1, cap. 7).

**4.2.** Explique un dos tres temas: **(4 puntos)**

**4.2.1.** Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade.

**4.2.2.** Razón e progreso na Ilustración.

**4.2.3.** Nietzsche: crítica da cultura occidental.

## HISTORIA DA FILOSOFÍA

El examen consta de 4 preguntas compuestas por comentario de texto filosófico y desarrollo de un tema. Deberá contestar **UNA DE LAS CUATRO PREGUNTAS**. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirá la primera respondida**.

### PREGUNTA 1. Responda los dos apartados:

**1.1.** Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolle la cuestión: “El liberalismo político de Locke”.  
(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)

§ 90. Resulta, pues, evidente que la monarquía absoluta, a la que ciertas personas consideran como el único gobierno del mundo, es, en realidad, incompatible con la sociedad civil, y, por ello, no puede ni siquiera considerarse como una forma de poder civil. La finalidad de la sociedad civil es evitar y remediar los inconvenientes del estado de Naturaleza que se producen forzosamente cuando cada hombre es juez de su propio caso, estableciendo para ello una autoridad conocida a la que todo miembro de dicha sociedad pueda recurrir cuando sufre algún atropello, o siempre que se produzca una disputa y a la que todos tengan obligación de obedecer. Allí donde existen personas que no disponen de esa autoridad a quien recurrir para que decida en el acto las diferencias que surgen entre ellas, esas personas siguen viviendo en un estado de Naturaleza.

(LOCKE: *Ensayo sobre el gobierno civil*, cap. 7, § 90).

**1.2.** Explique uno de los tres temas: **(4 puntos)**

**1.2.1.** El origen del cosmos en la corriente presocrática

**1.2.2.** Realidad y conocimiento en Platón.

**1.2.3.** Alienación e ideología en Marx

### PREGUNTA 2. Responda los dos apartados:

**2.1.** Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desenvuelva la cuestión: “Hume: crítica de las ideas de sustancia y causalidad”.  
(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)

La idea de sustancia deberá derivarse, entonces, de una impresión de reflexión, si es que realmente existe. Pero las impresiones de reflexión se reducen a nuestras pasiones y emociones, y no parece posible que ninguna de éstas represente una sustancia. Por consiguiente, no tenemos ninguna idea de sustancia que sea distinta de la de una colección de cualidades particulares, ni poseemos de ella otro significado cuando hablamos o razonamos sobre este asunto.

La idea de sustancia, como la de modo, no es sino una colección de ideas simples unidas por la imaginación y que poseen un nombre particular asignado a ellas, mediante el cual somos capaces de recordar —a nosotros o a otros— esa colección. Pero la diferencia entre estas ideas consiste en que las cualidades particulares que forman una sustancia son referidas por lo común a un *algo* desconocido en que se supone inhieren; o bien, concediendo que esa ficción no tenga lugar, se supone que al menos están estrecha e inseparablemente conectadas entre sí por relaciones de contigüidad y causalidad.

(HUME: *Tratado de la naturaleza humana*, Libro I, Parte I, Sec. VI).

**2.2.** Explique un dos tres temas: **(4 puntos)**

**2.2.1.** Física y metafísica en Aristóteles.

**2.2.2.** El problema Razón/Fe en la Filosofía Medieval.

**2.2.3.** Ortega y Gasset: la razón vital.

**PREGUNTA 3. Responda los dos apartados:**

**3.1.** Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolle la cuestión: “Los límites del conocimiento en Kant”.  
**(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)**

Si llamamos *sensibilidad* a la *receptividad* que nuestro psiquismo posee, siempre que sea afectado de alguna manera, en orden a recibir representaciones, llamaremos *entendimiento* a la capacidad de producirlas por sí mismo, es decir, a la *espontaneidad* del conocimiento. Nuestra naturaleza conlleva el que la *intuición* sólo pueda ser *sensible*, es decir, que no contenga sino el modo según el cual somos afectados por objetos. La capacidad de *pensar* el objeto de la intuición es, en cambio, el *entendimiento*. Ninguna de estas propiedades es preferible a la otra: sin sensibilidad ningún objeto nos sería dado y, sin entendimiento, ninguno sería pensado. Los pensamientos sin contenido son vacíos; las intuiciones sin conceptos son ciegas. Por ello es tan necesario hacer sensibles los conceptos (es decir, añadirles el objeto en la intuición) como hacer inteligibles las intuiciones (es decir, someterlas a conceptos). Las dos facultades o capacidades no pueden intercambiar sus funciones. Ni el entendimiento puede intuir nada, ni los sentidos pueden pensar nada. El conocimiento únicamente puede surgir de la unión de ambos. Mas no por ello hay que confundir su contribución respectiva. Al contrario, son muchas las razones para separar y distinguir cuidadosamente una de otra. Por ello distinguimos la ciencia de las reglas de la sensibilidad en general, es decir, la estética, respecto de la ciencia de las reglas del entendimiento en general, es decir, de la lógica.

(KANT: *Crítica de la Razón Pura* A51/B75 – A52/B76).

**3.2.** Explique uno de los tres temas: **(4 puntos)**

**3.2.1.** El origen del cosmos en la corriente presocrática.

**3.2.2.** Platón: antropología y política.

**3.2.3.** Alienación e ideología en Marx.

**PREGUNTA 4. Responda los dos apartados:**

**4.1.** Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolle la cuestión: “El problema Razón/Fe en la Filosofía Medieval”.  
**(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)**

Lo que el maestro infunde en el alma del discípulo es la ciencia del doctor, a no ser que enseñe con engaño, lo cual no es lícito afirmar de Dios. El conocimiento natural de los primeros principios ha sido infundido por Dios en nosotros, ya que Él es autor de nuestra naturaleza. La sabiduría divina contiene, por tanto, estos primeros principios. Luego todo lo que esté contra ellos está también contra la sabiduría divina. Esto no es posible de Dios. En consecuencia, las verdades que poseemos por revelación divina no pueden ser contrarias al conocimiento natural.

(TOMÁS DE AQUINO: *Suma contra los gentiles*, Libro 1, cap. 7).

**4.2.** Explique uno de los tres temas: **(4 puntos)**

**4.2.1.** Hume: crítica de las ideas de sustancia y causalidad.

**4.2.2.** Razón y progreso en la Ilustración.

**4.2.3.** Nietzsche: crítica de la cultura occidental.

**ABAU**  
**CONVOCATORIA ORDINARIA**  
**Ano 2022**  
*CRITERIOS DE AVALIACIÓN*  
**HISTORIA DA FILOSOFÍA**  
**(Cód. 34)**

O alumnado debe de responder a UNHA das catro preguntas da Proba. Se responde a máis preguntas só se avaliará a primeira que desenvolveu.

A **calificación da PREGUNTA é de 10 puntos**, que se e distribúen do seguinte xeito:

**PREGUNTA 1: 10 PUNTOS.**

**1.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: *O liberalismo político de Locke*” **A calificación máxima é de 6 puntos: 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.**

a) No Comentario do fragmento valorarase a *comprensión* do texto, especialmente no que atinxe: (i) á capacidade de identificar ben o tema central do texto e a articulación-exposición do seu problema, (ii) á concreción do problema a partir do significado dos seus *conceptos fundamentais* e o establecemento de relacións entre eles, (iii) a *estrutura argumentativa* identificada no texto e desenvolvida polo estudante na exposición do sistema do autor (iv) e a capacidade de *relacionar o texto* co seu contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento do *Ensaio sobre o goberno civil* (Cap. 7 § 90) de Locke deberá manifestar unha axeitada comprensión dos conceptos principais do texto proposto (monarquía absoluta, sociedade civil, formas de goberno, estado de natureza, autoridade, conflito, obediencia, xuíz etc) e establecer ademais unha correcta contextualización da súa temática no pensamento de Locke e deste filósofo na historia da filosofía. **Cualificación máxima 3 puntos.**

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición, na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Deste xeito, a cuestión *O liberalismo político de Locke*, atenderá entre outros contidos á exposición da diferenza entre o “Estado natural” e a “sociedade civil”, á relación entre “ley natural” e “liberdade”, á relación entre a necesidade de comunidade e de goberno civil, a función do poder lexislativo, o instinto de autoconservación, etc. **Cualificación máxima 3 puntos.**

**1.2.** Explique un dos tres temas: **A calificación máxima será de 4 puntos.**

**1.2.1.** A orixe do cosmos e a corrente presocrática.

**1.2.2.** Realidade e coñecemento en Platón.

**1.2.3.** Alienación e ideoloxía en Marx.

**1.2.** O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base: (i) á pertinencia dos contidos informativos da resposta, (ii) á precisión no uso dos conceptos e (iii) á coherencia e articulación discursiva da exposición. (iv) Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**1.2.1** Deste xeito, a cuestión *A orixe do cosmos na corrente presocrática*, atenderá entre outros contidos á comprensión da orixe do *logos* filosófico, á diferenza entre “mito” e “logos”, á noción de cosmos e cosmoloxía, a noción de *arché* e os principais elementos de orixe (física e non física, únicos e plurais) propostas polos diferentes autores da “presocrática”. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**1.2.2.** Deste xeito, a cuestión *Realidade e coñecemento en Platón* atenderá, entre outros contidos, á comprensión dos dualismos platónicos (ontolóxico, epistemolóxico e antropolóxico), o estatuto gnoseolóxico da “Idea” (*eidós*, Forma), a función epistémica da dialéctica, os graos de coñecemento, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**1.2.3.** Deste xeito, a cuestión *Alienación e ideoloxía en Marx*, atenderá entre outros contidos á importancia da ideoloxía na revolución social, á noción de Capital e estrutura económica, ás relacións de

producción e sociedade de clases, á alienación, á *praxis* no Materialismo, á Filosofía Alemana e a Ideoloxía, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

### **PREGUNTA 2: 10 PUNTOS.**

**2.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “*Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade*”. **A cualificación máxima é de 6 puntos: 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.**

a) No Comentario do fragmento valorarase a *comprensión* do texto, especialmente no que atinxe: (i) á capacidade de identificar ben o tema central do texto e a articulación-exposición do seu problema, (ii) á concreción do problema a partir do significado dos seus conceptos fundamentais e o establecemento de relacións entre eles, (iii) a estrutura argumentativa identificada no texto e desenvolvida polo estudante na exposición do sistema do autor (iv) e a capacidade de relacionar o texto co seu contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento do *Tratado da natureza humana* (Libro I, Parte I, sec. 6) de Hume deberá manifestar unha axeitada comprensión dos conceptos principais do texto proposto (substancia, impresións, impresións de reflexión, paixón, emoción, representación, idea de substancia, cualidades, modo, ideas simples, imaxinación, reflexión, contigüidade, causalidade, etc), e establecer ademais unha correcta contextualización da súa temática no pensamento de Hume e deste filósofo na historia da filosofía. **Cualificación máxima 3 puntos.**

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición, na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Deste xeito, a cuestión *Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade*, atenderá entre outros contidos á comprensión da “substancia” e do problema da impresión de causalidade e ás formas de coñecemento posible e de reflexión e deberá manifestar unha axeitada comprensión das aportacións do Empirismo na Filosofía Moderna. **Cualificación máxima 3 puntos.**

**2.2.** Explique un dos tres temas: **A cualificación máxima será de 4 puntos.**

**2.2.1.** Física e metafísica en Aristóteles.

**2.2.2.** O problema Razón/Fe na Filosofía Medieval.

**2.2.3.** Ortega y Gasset: a razón vital.

O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**2.2.1** Deste xeito, a cuestión *Física e Metafísica en Aristóteles* atenderá, entre outros contidos, á relación entre estas dúas “ciencias” e o seu obxecto de reflexión, a problemática principal da Física en canto “ás nocións de causa e ás formas de cambio” así como a contextualización desta problemática como eixo da Filosofía Clásica. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**2.2.2.** Deste xeito, a cuestión *O problema Razón/Fe na Filosofía Medieval*, atenderá, entre outros contidos, á comprensión da diferenza entre “verdades de fe” e “verdades de razón”, “coñecemento racional” e “coñecemento por revelación”, entre o fideísmo e o logicismo ou o problema dos universais no Medioevo. etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**2.2.3.** Deste xeito, a cuestión *Ortega y Gasset: a razón vital*, atenderá, entre outros contidos, á explicar o significado de “razón vital” e a explicar a función contemporánea da filosofía verbo da realidade radical primeira e concreta (vida), etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

### **PREGUNTA 3: 10 PUNTOS.**

**3.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: *Os límites do coñecemento en Kant*. **A cualificación máxima é de 6 puntos: 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.**

a) No Comentario do fragmento valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe: (i) á capacidade de identificar ben o tema central do texto e a articulación-exposición do seu problema, (ii) á concreción do problema a partir do significado dos seus conceptos fundamentais e o establecemento de relacións entre eles, (iii) a estrutura argumentativa identificada no texto e desenvolvida polo estudante na exposición do sistema do autor (iv) e a capacidade de relacionar o texto

co seu contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento da *Crítica da Razón Pura* (A51/B75-A52/B76) de Kant deberá manifestar unha axeitada comprensión do problema dos límites de coñecemento posible en Kant, desenvolvendo a semántica, problemática e relacións dos conceptos fundamentais do texto (sensibilidade, representacións, receptividade, entendemento, intuición, concepto, estética, lóxica), así como establecer ademais unha correcta contextualización da súa temática no pensamento de Kant e deste na historia da filosofía.

**Cualificación máxima 3 puntos.**

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición, na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Deste xeito, a cuestión *Os límites do coñecemento en Kant*, atenderá entre outros contidos á exposición do Idealismo trascendental e dos seus principais problemas epistemolóxicos na afirmación da Filosofía como ciencia e do sentir da Ilustración, etc. **Cualificación máxima 3 puntos.**

**3.2. Explique un dos tres temas: A cualificación máxima será de 4 puntos.**

**3.2.1.** A orixe do cosmos na corrente presocrática.

**3.2.2.** Platón: antropoloxía e política.

**3.2.3.** Alienación e ideoloxía en Marx.

O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**3.2.1** Deste xeito, a cuestión *A orixe do cosmos na corrente presocrática*, atenderá entre outros contidos á comprensión da orixe do *logos* filosófico, á diferenza entre “mito” e “logos”, á noción de cosmos e cosmoloxía, a noción de *arché* e os principais elementos de orixe (física e non física, única e plural) propostas polos diferentes autores da “presocrática”. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**3.2.2.** Deste xeito, a cuestión *Platón: antropoloxía e política* atenderá, entre outros contidos, ao dualismo antropolóxico platónico, a metáfora da inmortalidade da alma e a reminiscencia, así como as formas de cidade e de Estado, as súas clases sociais, ás nocións e valores da xustiza e as súas formas de goberno, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**3.2.3.** Deste xeito, a cuestión *Alienación e ideoloxía en Marx*, atenderá entre outros contidos á importancia da ideoloxía na revolución social, á noción de Capital e estrutura económica, ás relacións de produción e sociedade de clases, á alienación, á *praxis* no Materialismo, á Filosofía Alemana e a Ideoloxía, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

#### **PREGUNTA 4: 10 PUNTOS.**

**4.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: *O problema Razón/Fe na Filosofía Medieval*. **A cualificación máxima é de 6 puntos: 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.**

a) No Comentario do fragmento valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe: (i) á capacidade de identificar ben o tema central do texto e a articulación-exposición do seu problema, (ii) á concreción do problema a partir do significado dos seus conceptos fundamentais e o establecemento de relacións entre eles, (iii) a estrutura argumentativa identificada no texto e desenvolvida polo estudante na exposición do sistema do autor (iv) e a capacidade de relacionar o texto co seu contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento da *Suma contra os xentís* (Libro 1, cap. 7) de Tomé de Aquino deberá manifestar unha axeitada comprensión á influencia do cristianismo no debate filosófico, e en particular a comparación entre “razón” e “fe” como formas, ben complementarias ou ben antagónicas, de coñecemento na Filosofía da Idade Media: a relación entre fideísmo (“coñecemento por revelación”, “revelación divina”) e naturalismo (“coñecemento natural”); a relación e comparación entre teoloxía e filosofía, etc., e establecer ademais unha correcta contextualización da súa temática no pensamento de Tomé de Aquino e deste na historia da filosofía. **Cualificación máxima 3 puntos.**

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición, na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Deste xeito,

a cuestión *O problema Razón/Fe na Filosofía Medieval*, atenderá entre outros contidos e ademais do sinalado no comentario, ao problema da lóxica na demostración da existencia de deus, o fundamentalismo gnoseolóxico, a ontoteoloxía e a relación entre o coñecemento natural e a teoloxía, etc. **Cualificación máxima 3 puntos.**

**4.2.** Explique un dos tres temas: **A cualificación máxima será de 4 puntos.**

**4.2.1.** Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade.

**4.2.2.** Razón e progreso na Ilustración.

**4.2.3.** Nietzsche: crítica da cultura occidental.

O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**4.2.1.** Deste xeito, a cuestión *Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade* atenderá, entre outros contidos, ás aportacións do Empirismo ao problema epistemolóxico da Filosofía Moderna, ás formas de experiencia como formas de impresións, ás ideas e impresións de reflexión, ás paixóns e ás emocións verbo da noción de substancia e de cualidade; o problema do causalismo e da indución, ás cuestións de feito, os límites da regularidade da experiencia, a imposibilidade da metafísica, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**4.2.2.** Deste xeito, a cuestión *Razón e progreso na Ilustración* atenderá, entre outros contidos, ás diferentes comprensións da “Razón” como facultade na Época da Ilustración e da súa importancia nas diversas posturas filosóficas ilustradas acerca do “progreso” nesa Época, etc **Cualificación máxima 4 puntos.**

**4.2.3.** Deste xeito, a cuestión *Nietzsche: crítica da cultura occidental*, atenderá entre outros contidos á importancia do nihilismo e as súas formas como crítica á cultura, á crítica á filosofía platónica do “mundo verdadeiro”, ó vitalismo, o “eterno retorno”, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**



## HISTORIA DA FILOSOFÍA

O exame consta de 4 preguntas compostas por comentario de texto filosófico e desenvolvemento dun tema. Deberá contestar **UNHA DAS CATRO PREGUNTAS**. Se responde máis preguntas das permitidas, **só será corrixida a primeira respondida**.

### PREGUNTA 1. Responda os dous apartados:

**1.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “Realidade e coñecemento en Platón”.**

**(6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión)**

— Imaxina homes nunha especie de morada subterránea en forma de caverna, cunha longa entrada aberta, en toda a súa extensión, á luz e imaxina que están alí dende nenos coas pernas e o pescozo encadeados de maneira que teñen que permanecer alí e mirar unicamente cara adiante, pois as cadeas impídenlles xirar a cabeza. Máis lonxe a luz dun lume que arde máis arriba, detrás deles e entre o lume e os encadeados un camiño máis alto; e ao longo do camiño imaxina que foi construído un muro [...].

— [...]

— Considera, agora, que pasaría se fosen liberados das súas cadeas e curados da súa ignorancia, [...] que un deles fose ceibado e obrigado a levantarse, a volver o pescozo, a camiñar e a mirar cara á luz e que, ao facer isto, sufrise e que a causa do escintileo da luz non fose quen de percibir aquelas cousas das que ata entón vía sombras.

— [...]

— E se se o forzase a mirar á luz mesma, non cres que lle doerían os ollos e que fuxiría virando cara ao que pode contemplar e que crería que estas son máis claras que as que se lle amosan?

— [...]

— Pois ben, meu querido Glaucón, esa imaxe débemola aplicar totalmente ao dito anteriormente; hai que comparar a rexión que se manifesta por medio da vista coa morada do cárcere e esa luz do lume co poder do sol; compara a suba ao mundo de arriba e a contemplación das cousas deste coa ascensión da alma á rexión do intelixible e non errarás respecto do que espero que é o que ti desexas oír. [...] O que a min me parece é que no mundo intelixible o último que se percibe, e con dificultade, é a idea do ben, pero, unha vez percibida, hai que colixir que é a causa de todo o recto e fermoso que hai en todas as cousas e que no mundo visible xerou a luz e ao señor desta e que no mundo intelixible xerou a verdade e o coñecemento.

PLATÓN: *República*, Libro VII, 514a-517b

**1.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)**

**1.2.1.** Descartes: o problema do método e a evidencia do *cogito*.

**1.2.2.** A lei moral en Kant.

**1.2.3.** Alienación e ideoloxía en Marx.

### PREGUNTA 2. Responda os dous apartados:

**2.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “Física e metafísica en Aristóteles”.**

**(6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión)**

Feitas estas distincións, cómpre examinar as causas, cales e cantas son.

Nun sentido (1) chámase causa a ese constitutivo inherente do que se fai algo, [...].

Noutro sentido (2) é a forma e o modelo, é dicir, a definición da esencia e os seus xéneros (así a causa da octava é a relación de dous a un, e en xeral o número), e tamén as partes da definición.

E tamén (3) é aquilo de onde xorde o principio primeiro do cambio ou do repouso; así quen toma unha resolución é causa, o pai é causa do fillo, e en xeral o que fai é causa do feito e o que produce un cambio é causa do cambiado.

E aínda máis (4), é o fin, aquilo para o que é algo [...].

ARISTÓTELES: *Física*, Libro II-3, 194b-195a

**2.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)**

**2.2.1.** Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade.

**2.2.2.** Razón e progreso na Ilustración.

**2.2.3.** Ortega y Gasset: a razón vital.

**PREGUNTA 3. Responda os dous apartados:**

**3.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “A lei moral en Kant”.**

**(6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión)**

Pois ben, todos os imperativos ordenan ou *hipotética* ou *categoricamente*. Aqueles [os hipotéticos] representan a *necesidade práctica* dunha posible acción como medio para acadar outra cousa que se queira (ou que posiblemente se queira). O imperativo categórico sería aquel que representa unha acción como obxectivamente necesaria por si mesma, sen relación con ningún outro fin. [...]

Un imperativo que, sen poñer como condición ningún outro propósito acadable por medio dun determinado comportamento, ordena ese comportamento de inmediato. Tal imperativo é *categorico*. Non concirne á materia da acción e ó que dela poida resultar, senón á forma e ó principio do que ela mesma se deriva, e o esencialmente bo de tal acción reside na disposición de ánimo, calquera que sexa o resultado da acción. Este imperativo pode chamarse o imperativo da *moralidade*.”

KANT, I.: *Fundamentación da metafísica dos costumes*, 1977, cap. 2, pp: 35-36

**3.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)**

**3.2.1.** A orixe do cosmos na corrente presocrática.

**3.2.2.** Realidade e coñecemento en Platón.

**3.2.3.** Alienación e ideoloxía en Marx.

**PREGUNTA 4. Responda os dous apartados:**

**4.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade”.**

**(6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión)**

Todos os razoamentos referentes a materias de feito parecen estar fundados na relación de *causa e efecto*. Por medio desa única relación podemos ir máis aló da evidencia da nosa memoria e dos nosos sentidos. [...] E neles suponse constantemente que hai unha conexión entre o feito presente e ese que se infire del. Se non houberse nada que os ligase, a inferencia sería completamente precaria. [...] Se analizamos todos os demais razoamentos desta natureza, atoparemos que están baseados na relación de causa e efecto, e que esta relación pode ser próxima ou remota, directa ou colateral. A calor e a luz son efectos colaterais do lume, e un efecto pode inferirse correctamente do outro.

Polo tanto, se quixeramos satisfacernos no referente á natureza da evidencia que nos garante as cuestións de feito, deberíamos preguntarnos como chegar ao coñecemento da causa e do efecto.

HUME: *Investigación sobre o coñecemento humano*, Sec. IV, Parte I

**4.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)**

**4.2.1.** Ética e política en Aristóteles.

**4.2.2.** O problema Razón/Fe na Filosofía Medieval.

**4.2.3.** Nietzsche: crítica da cultura occidental.

## HISTORIA DA FILOSOFÍA

El examen consta de 4 preguntas compuestas por comentario de texto filosófico y desarrollo de un tema. Deberá contestar **UNA DE LAS CUATRO PREGUNTAS**. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirá la primera respondida**.

**PREGUNTA 1. Responda los dos apartados:**

**1.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolle la cuestión: “Realidad y conocimiento en Platón”.**

**(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)**

— Represéntate hombres en una morada subterránea en forma de caverna, que tiene la entrada abierta, en toda su extensión, a la luz. En ella están desde niños con las piernas y el cuello encadenados, de modo que deben permanecer allí y mirar sólo delante de ellos, porque las cadenas les impiden girar en derredor la cabeza. Más arriba y más lejos se halla la luz de un fuego que brilla detrás de ellos; y entre el fuego y los prisioneros hay un camino más alto, junto al cual imagínate un tabique construido de lado a lado [...].

— [...]

— Examina ahora el caso de una liberación de sus cadenas y de una curación de su ignorancia, [...] que uno de ellos fuera liberado y forzado a levantarse, volver el cuello y marchar mirando a la luz y, al hacer todo esto, sufriera y a causa del encandilamiento fuera incapaz de percibir aquellas cosas cuyas sombras había visto antes.

— [...]

— Y si se le forzara a mirar hacia la luz misma, ¿no le dolerían los ojos y trataría de eludirla, volviéndose hacia aquellas cosas que podía percibir, por considerar que éstas son realmente más claras que las que se le muestran?

— [...]

— Pues bien, querido Glaucón, debemos aplicar íntegra esta alegoría a lo que anteriormente ha sido dicho, comparando la región que se manifiesta por medio de la vista con la morada-prisión, y la luz del fuego que hay en ella con el poder del sol; compara, por otro lado, el ascenso y la contemplación de las cosas de arriba con el camino del alma hacia el ámbito inteligible, y no te equivocarás en cuanto a lo que estoy esperando, y que es lo que deseas oír. [...]; en todo caso, lo que a mí me parece es que lo que dentro de lo cognoscible se ve al final, y con dificultad, es la Idea del Bien. Una vez percibida, ha de concluirse que es la causa de todas las cosas rectas y bellas, que en el ámbito visible ha engendrado la luz y al señor de ésta, y que en el ámbito inteligible es señora y productora de la verdad y de la inteligencia.

PLATÓN: *República*, Libro VII, 514a-517b

**1.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)**

**1.2.1.** Descartes: el problema del método y la evidencia del *cogito*.

**1.2.2.** La ley moral en Kant.

**1.2.3.** Alienación e ideología en Marx.

**PREGUNTA 2. Responda los dos apartados:**

**2.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolle la cuestión: “Física y metafísica en Aristóteles”.**

**(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)**

Hechas estas distinciones, tenemos que examinar las causas, cuáles y cuántas son.

En este sentido se dice que es causa (1) aquel constitutivo interno de lo que algo está hecho, [...].

En otro sentido (2) es la forma o el modelo, esto es, la definición de la esencia y sus géneros (como la causa de una octava es la relación del dos al uno, y en general el número), y las partes de la definición.

En otro sentido (3) es el principio primero de donde proviene el cambio o el reposo, como el que quiere algo es causa, como es también causa el padre respecto de su hijo, y en general el que hace respecto de lo hecho, y lo que hace cambiar algo respecto de lo cambiado.

Y en otro sentido (4) causa es el fin, esto es, aquello para lo cual es algo [...].

ARISTÓTELES: *Física*, Libro II-3, 194b-195a

**2.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)**

**2.2.1.** Hume: crítica de las ideas de sustancia y causalidad.

**2.2.2.** Razón y progreso en la Ilustración.

**2.2.3.** Ortega y Gasset: la razón vital.

**PREGUNTA 3. Responda los dos apartados:**

**3.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolle la cuestión: “La ley moral en Kant”.**

**(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)**

Pues bien, todos los *imperativos* mandan, ya *hipotética*, ya *categoricamente*. Aquéllos representan la *necesidad práctica* de una acción posible, como medio de conseguir otra cosa que se quiere (o que es posible que se quiera). El imperativo categórico sería el que representase una acción por sí misma, sin referencia a ningún otro fin, como objetivamente necesaria. [...]

Un imperativo que, sin poner como condición ningún propósito a obtener por medio de cierta conducta, manda esa conducta inmediatamente. Tal imperativo es *categorico*. No se refiere a la materia de la acción y a lo que de esta ha de suceder, sino a la forma y al principio de donde ella sucede, y lo esencialmente bueno de la acción consiste en el ánimo que a ella se lleva, sea el éxito el que fuere. Este imperativo puede llamarse el de la *moralidad*.”

KANT, I.: *Fundamentación de la metafísica de las costumbres*, 1977, cap. 2, pp: 35-36

**3.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)**

- 3.2.1. El origen del cosmos en la corriente presocrática.
- 3.2.2. Realidad y conocimiento en Platón.
- 3.2.3. Alienación e ideología en Marx.

**PREGUNTA 4. Responda los dos apartados:**

**4.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desenvuelva la cuestión: “Hume: crítica de las ideas de sustancia y causalidad”.**

**(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)**

Todos los razonamientos referentes a las cuestiones de hecho parecen estar fundados en la relación de *causa* y *efecto*. Por medio de esta singular relación superamos la evidencia de nuestra memoria y nuestros sentidos. [...] Y, de este modo, se supone constantemente que hay alguna conexión entre el hecho presente y ese que se deduce de él. Si no hubiera nada que los relacionase, la inferencia sería del todo inexacta. [...] Si analizamos todos los restantes razonamientos de naturaleza semejante descubriremos que están fundados en la relación de causa y efecto, y que esta relación es cercana o remota, directa o colateral. El calor y la luz son efectos colaterales del fuego y uno de ellos puede ser efectivamente deducido del otro.

Por tanto, si deseamos llegar a algo satisfactorio en lo referente a la naturaleza de esa evidencia que nos ofrece confirmación de las cuestiones de hecho, debemos entonces indagar cómo llegamos al conocimiento de la causa y el efecto.

HUME: *Investigación sobre el conocimiento humano*, Sec. IV, Parte I

**4.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)**

- 4.2.1. Ética y política en Aristóteles.
- 4.2.2. El problema Razón/Fe en la Filosofía Medieval.
- 4.2.3. Nietzsche: crítica de la cultura occidental.

**ABAU**  
**CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA**  
**Ano 2022**  
*CRITERIOS DE AVALIACIÓN*  
**HISTORIA DA FILOSOFÍA**  
**(Cód. 34)**

O alumnado debe de responder a UNHA das catro preguntas da Proba. Se responde a máis preguntas só se avaliará a primeira que desenvolveu.

A **calificación da PREGUNTA é de 10 puntos**, que se e distribúen do seguinte xeito:

**PREGUNTA 1: 10 PUNTOS.**

**1.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: *Realidad y conocimiento en Platón*” **A calificación máxima é de 6 puntos: 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.**

a) No Comentario do fragmento valorarase a comprensión do tema e do problema recollido no texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e a estrutura argumentativa, así como tamén a capacidade de relacionar o texto con un contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento da *República* 514a-517b de Platón deberá manifestar unha axeitada comprensión do sentido epistemolóxico do mito da caverna, a “reminiscencia” e a súa relación tanto coas formas e grados de coñecemento como co dualismo antropolóxico platónico; e establecer ademais unha correcta contextualización da súa temática no pensamento de Platón e deste na historia da filosofía. Cualificación máxima 3 puntos.

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición (especialmente nas súas referencias ao comentario de texto), na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Deste xeito, a cuestión “Realidade e coñecemento en Platón” atenderá, entre outros contidos, á comprensión dos dualismos platónicos (mundo sensible, mundo intelixible), á función gnoseolóxica da “Idea” (Forma) e da dialéctica e os graos de coñecemento, etc. Cualificación máxima 3 puntos

**1.2.** Explique un dos tres temas: **A calificación máxima será de 4 puntos.**

**1.2.1.** Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito.

**1.2.2.** A lei moral en Kant.

**1.2.3.** Alienación e ideoloxía en Marx.

**1.2.** O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base: (i) á pertinencia dos contidos informativos da resposta, (ii) á precisión no uso dos conceptos e (iii) á coherencia e articulación discursiva da exposición. (iv) Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**1.2.1** Deste xeito, a cuestión *Descartes: el problema del método y la evidencia del cogito*, atenderá entre outros contidos á necesidade e estrutura do método (no Racionalismo), o alcance da dúbida e da certeza, a comprensión da “res cogitans”, etc. Cualificación máxima 4 puntos.

**1.2.2.** Deste xeito, a cuestión *A lei moral en Kant* atenderá a unha axeitada comprensión do estatuto e alcance da “Razón Práctica” no contexto da Filosofía Ilustrada, do “formalismo kantiano” e do carácter deontolóxico da súa proposta ética así como do imperativo moral. Cualificación máxima 4 puntos

**1.2.3.** Deste xeito, a cuestión *Alienación e ideoloxía en Marx*, atenderá entre outros contidos á importancia da ideoloxía na revolución social, á noción de Capital e estrutura económica, ás relacións de produción e sociedade de clases, á alienación, á *praxis* no Materialismo, á Filosofía Alemana e a Ideoloxía, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

## **PREGUNTA 2: 10 PUNTOS.**

**2.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: "*Física e metafísica en Aristóteles*". **A cualificación máxima é de 6 puntos: 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.**

a) No Comentario do fragmento valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e a estrutura argumentativa, e a capacidade de relacionar o texto e un contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento da *Física* (Libro II-3) de Aristóteles deberá manifestar unha axeitada comprensión dos conceptos principais do texto proposto, e establecer ademais unha correcta contextualización da súa temática no pensamento de Platón e deste na historia da filosofía. Cualificación máxima 3 puntos.

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición, na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Deste xeito, a cuestión Física e Metafísica en Aristóteles, atenderá entre outros contidos "ás nocións de causa, ás formas de cambio, á relación entre a Física e a Metafísica, a súa inserción na Filosofía grega, etc. Cualificación máxima 3 puntos

**2.2.** Explique un dos tres temas: **A cualificación máxima será de 4 puntos.**

**2.2.1.** Hume, crítica das ideas de substancia e causalidade.

**2.2.2.** Razón y progreso en la Ilustración.

**2.2.3.** Ortega y Gasset: la razón vital.

O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**2.2.1** Deste xeito, a cuestión Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade atenderá, entre outros contidos, ás aportacións do Empirismo ao problema epistemolóxico da Filosofía Moderna, ás formas de experiencia como formas de impresións, ás ideas e impresións de reflexión, ás paixóns e ás emocións verbo da noción de substancia e de cualidade; o problema do causalismo e da indución, ás cuestións de feito, os límites da regularidade da experiencia, a imposibilidade da metafísica, etc. Cualificación máxima 4 puntos.

**2.2.2.** Deste xeito, a cuestión Razón e progreso na Ilustración atenderá, entre outros contidos, ás diferentes comprensións da Razón como facultade na Época da Ilustración e da súa importancia nas diversas posturas filosóficas ilustradas acerca do "progreso" nesa Época, etc. Cualificación máxima 4 puntos.

**2.2.3.** Deste xeito, a cuestión Ortega y Gasset: a razón vital atenderá, entre outros contidos, á explicar o significado de "razón vital" (vitalismo) e a explicar a función contemporánea da filosofía verbo da realidade primeira e concreta ("vida") do ser humano fronte ás categorías clásicas da Razón, a importancia da "perspectiva" e da "circunstancia" como fenómenos subxectivos de coñecemento, etc. Cualificación máxima 4 puntos.

### **PREGUNTA 3: 10 PUNTOS.**

**3.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: *A lei moral en Kant*. **A cualificación máxima é de 6 puntos:** 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.

a) No Comentario do fragmento valorarase a comprensión do tema e do problema recollido no texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e a estrutura argumentativa, así como tamén a capacidade de relacionar o texto con un contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento da *Fundamentación da metafísica das costumes* de Kant deberá manifestar unha axeitada comprensión do estatuto e alcance da “Razón práctica” no proceso e problema da ética formal kantiana e o imperativo categórico. Cualificación máxima 3 puntos.

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición (especialmente nas súas referencias ao comentario de texto), na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Deste xeito, a cuestión *A lei moral en Kant*, atenderá entre outros contidos “o significado do imperativo categórico” e da ética formal kantiana no contexto da Ilustración. Cualificación máxima 3 puntos.

**3.2.** Explique un dos tres temas: **A cualificación máxima será de 4 puntos.**

**3.2.1.** A orixe do cosmos na corrente presocrática.

**3.2.2.** Realidade e coñecemento en Platón.

**3.2.3.** Alienación e ideoloxía en Marx.

O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**3.2.1** Deste xeito, a cuestión *A orixe do cosmos na corrente presocrática*, atenderá entre outros contidos á comprensión da orixe do *logos* filosófico, á diferenza entre “mito” e “logos”, á noción de cosmos e cosmoloxía, a noción de *arché* e os principais elementos de orixe (física e non física, única e plural) propostas polos diferentes autores da “presocrática”. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**3.2.2.** Deste xeito, a cuestión *Realidade e coñecemento en Platón* atenderá, entre outros contidos, á comprensión dos dualismos platónicos (mundo sensible, mundo intelixible), á función gnoseolóxica da “Idea” (Forma) e da dialéctica, os graos de coñecemento, etc. Cualificación máxima 4 puntos.

**3.2.3.** Deste xeito, a cuestión *Alienación e ideoloxía en Marx*, atenderá entre outros contidos á importancia da ideoloxía na revolución social, á noción de Capital e estrutura económica, ás relación de produción e sociedade de clases, á alienación, á *praxis* no Materialismo, á Filosofía Alemana e a Ideoloxía, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

#### **PREGUNTA 4: 10 PUNTOS.**

**4.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: Hume, crítica das ideas de substancia e causalidade. **A cualificación máxima é de 6 puntos: 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.**

a) No Comentario do fragmento valorárase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e a estrutura argumentativa, así como a capacidade de relacionar o texto e un contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento da *Investigación sobre o coñecemento humano* (Sec. IV) de Hume deberá manifestar unha axeitada comprensión das aportacións do Empirismo na Filosofía Moderna, ás formas de experiencia, ás ideas e impresións de reflexión, así como o problema das conexións de ideas. Cualificación máxima 3 puntos.

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición (especialmente nas súas referencias ao comentario de texto), na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Deste xeito, a cuestión Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade, atenderá entre outros contidos e ademais do sinalado no comentario, ao problema do causalismo, á regularidade das cuestións de feito, aos límites da experiencia en relación á indución e a inferencia, á diferenza entre modos e substancia, etc. Cualificación máxima 3 puntos.

**4.2.** Explique un dos tres temas: **A cualificación máxima será de 4 puntos.**

**4.2.1.** Ética e política en Aristóteles.

**4.2.2.** El problema Razón/Fe en la Filosofía Medieval.

**4.2.3.** Nietzsche: crítica da cultura occidental.

O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**4.2.1.** Deste xeito, a cuestión Ética e política en Aristóteles, atenderá, entre outros contidos, á comprensión da “virtude intelectual e da virtude moral” do “ser político”, á noción de templanza e mesura, de “recta razón” e de “felicidade”, á noción de polis, autarquía e xustiza, etc. Cualificación máxima 4 puntos.

**4.2.2.** Deste xeito, a cuestión *O problema Razón/Fe na Filosofía medieval*, atenderá á influencia do cristianismo no debate filosófico, e en particular a comparación entre razón e fe como formas, ben complementarias ou ben antagónicas, de coñecemento na Filosofía da Idade Media: a relación entre fideísmo (“coñecemento por revelación”) e naturalismo (“coñecemento natural”); aos elementos de relación e comparación entre teoloxía e filosofía, o fundamentalismo gnoseolóxico, a ontoteoloxía e o problema dos universais. Avaliarase atendendo á pertinencia, precisión no uso dos conceptos, e a coherencia e articulación discursiva da exposición, na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Cualificación máxima 4 puntos.

**4.2.3.** Deste xeito, a cuestión *Nietzsche: crítica da cultura occidental*, atenderá entre outros contidos á importancia do nihilismo e as súas formas como crítica á cultura, á crítica á filosofía platónica do “mundo verdadeiro”, ó vitalismo, o “eterno retorno”, etc. Cualificación máxima 4 puntos.